



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE TRINTA DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZANOVE
(ACTA NÚMERO 41)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D^a. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **trinta de agosto de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D^a. Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Non asiste a señora Deputada D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E TRES DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZANOVE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e tres de agosto de dous mil dezanove, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS CO OBXECTO DE PROCEDER Á CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A EXECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIÓNS DE CONSERVACIÓN NA REDE VIARIA PROVINCIAL 2019- 2021. ZONA 5- FONSAGRADA, NEGUERIA DE MUÑIZ, RIBEIRA DE PIQUÍN E NAVIA DE SUARNA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe Xurídico, no que se recollen as seguintes consideracións:

“(…)

Antecedentes.



Acordo da Xunta de Goberno de data 09-08-2019 no que se declara deserto o lote 5 da licitación Servicio para la ejecución de diversas operaciones de conservación en la red viaria provincial 2019-2021. Lotes 1-8.

Solicitud de consignación orzamentaria.

Estudo de custes.

Prego de prescricións técnicas.

Informe da Área de Xestión Territorial relativo á urxencia da contratación.

Informe do Servizo de Vías e obras sobre a necesidade administrativa a satisfacer e insuficiencia de medios.

Informe do Servizo de Vías e Obras relativo aos custos directos e indirectos.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento.

Memoria xustificativa.

Orde de inicio do expediente de contratación.

Lexislación aplicable.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Lei 17/2001, do 7 de decembro de marcas.

Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.



Consideracións xurídicas.

Incoase ao abeiro do artigo 168.a.1 da LCSP, expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación do Servicio para la ejecución de diversas operaciones de conservación en la Red Viaria Provincial 2019-2021- Zona 5 - Fonsagrada, Negueira de Muñiz, Ribeira de Piquín e Navia de Suarna, que quedou deserto na licitación do Servizo para a execución de diversas operacións de conservación RVP 2019-2021, lotes 1-8.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP ao conformar prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas a obtención de un resultado, distinto de unha obra ou un subministro.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Efectuase contratación electrónica de acordo coa disposición adicional decimo sexta e concordantes da LCSP.

O prezo do contrato enténdese adecuado para o seu efectivo cumprimento, e a estimación do mesmo é correcta xa que no prego técnico figuran os prezos así como a súa xustificación, xunto con informe de custes elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento.

O contrato adxudicarase mediante tramitación urxente, e procedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei; de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos económicos e técnicos que han de ser obxecto de negociación), criterios que figuran na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados por non terse presentado ningunha oferta en resposta do procedemento aberto Servicio para la ejecución de diversas operaciones de conservación en la Red Viaria Provincial 2019-2021. Lotes 1-8, e non modificándose as condicións esenciais de dita contratación, tendo en conta o establecido no artigo 168.1 da LCSP.

Así mesmo, o artigo 119.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, LCSP, establece que “podrán ser objeto de tramitación urgente los expedientes correspondientes a los contratos cuya celebración responda a una necesidad inaplazable o cuya adjudicación sea preciso acelerar por razones de interés público”, sinalando o informe do Servizo de Vías e Obras, de data 19-08-2019 “ ... La contratación de dicha prestación tiene carácter urgente, puesto que la conservación y mantenimiento de la red viaria provincial condiciona directamente la seguridad de los usuarios y a la vista de que el actual contrato finaliza el 20 de octubre de manera improrrogable, es necesario garantizar a partir de esa fecha la atención a todas las incidencias que puedan surgir en el conjunto de las carreteras provinciales incluídas en la zona 5. A estos efectos se remite el pliego de prescripciones técnicas preceptivo para realizar una nueva licitación y a la vista de que no se ha presentado ningún licitador en el procedimiento abierto ordinario, se propone, dada la urgencia ya mencionada que la nueva contratación se lleve a cabo mediante procedimiento negociado sin publicidad de acuerdo con el artículo 168 de la LCSP”

A presente contratación atópase suxeita a regulación harmonizada dado o importe do mesma, consonte ao establecido no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde



HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018.

No presente contrato, a xustificación da non división por lotes, baséase no feito de que se trata dun dos lotes, que quedou deserto, nunha licitación que si previa a división en lotes, como foi a licitación do Servicio para la ejecución de diversas operaciones de conservación en la Red Viaria Provincial 2019-2021. Lotes 1-8, na que se xustificaba a zoonificación por lotes, dos cales formaba parte este lote 5.

Dado que no presente procedemento, polas razóns de ter quedado deserto o amentado lote 5, nun procedemento aberto, con división en lotes (1-8), queda totalmente xustificada a non división nesta licitación.

Existe Informe do Servizo de Vías e obras, no que se fai mención a que se coidou que o orzamento base de licitación sexa axeitado aos prezos de mercado, sendo, por tanto, o prezo total do contrato adecuado para o seu efectivo cumprimento. Tivéronse en conta todos os custos directos e indirectos así coma o beneficio industrial, de acordo co estipulado nos artigos 100 e 101 da LCSP. Non se prevé no PCAP a revisión de prezos.

Incorporase ao expediente o correspondente estudo de custes, coa previsión de custes salariais.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle na certificación da intervención xeral, de data 26 de agosto do 2019, financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 4530.210, do orzamento xeral da Deputación de Lugo de acordo coas seguintes anualidades:

Anualidade	Aplicación	RC	Importe
2019	4530.210	RC-22019/21031	93.953,47€
2020		RC-220199/513	375.813,90€
2021			281.860,43€
Total			751.627,80€

De conformidade co establecido no artigo 117.2 da LCSP, en relación coa D.A. 3ª do mesmo texto legal, o gasto plurianual queda suxeito ás limitacións propias da normativa

presupuestaria. A Deputación adquirirá o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2020 o importe de 375.813,90€ e 281.860,43 € na anualidade 2021.

No PCAP establécense determinacións para que o inicio de execución da obra se produza o 20 de outubro de 2019, previsiblemente.

As necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer constan no Informe do Servizo de Vías e Obras que forma parte do expediente. Aos efectos do establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no prego de cláusulas administrativas que o prezo do contrato é adecuado para o seu efectivo cumprimento. Faise constar no devandito prego e en informe ao efecto, a insuficiencia de medios propios por parte da entidade provincial para asumir o obxecto de este contrato de servizos.

O prego contén, aos efectos do artigo 130 da LCSP información sobre as condicións de subrogación dos contratos de traballo e os empregados a subrogar.

A duración do presente contrato será de 2 anos desde o día seguinte a que se asine a Acta de inicio da prestación. O inicio previsto é o 20/10/2019.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.



O artigo 3.3 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional sinala que a emisión de informes cando así se estableza na lexislación sectorial é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente”.

Vista a proposta achegada polo Servizo de Vías e Obras, que entre outros sinala “...Las empresas que a continuación se relacionan han realizado, en los últimos años, diversos trabajos para la Diputación de Lugo dirigidos desde el Servicio de Vías y Obras con un resultado satisfactorio, por lo que se considera que pueden contar con la experiencia y los medios precisos para ejecutar con garantías el citado contrato y, a estos efectos, se propone a esa Presidencia la invitación de las mismas al procedimiento:

CARFERLO S.L. e-mail: carferlo@carferlo.es

COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES S.A. e-mail: m.nunez@comfica.com

OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS S.L.U. contratación.galicia@ovisa.es

TRANSFORMACIONES AGRARIAS ISIDRO HNOS. BLANCO TRIGO S.L. e-mail: informacion@blancotrigo.com

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do Servizo para la ejecución de diversas operaciones de conservación en la Red Viaria Provincial 2019-2021. Zona 5 - Fonsagrada, Negueira de Muñiz, Ribeira de Piquín e Navia de Suarna.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán na licitación, adxudicación e execución do contrato sinalado no parágrafo anterior.

3º.- Aprobar o procedemento de adxudicación, tramitación urxente e procedemento negociado sen publicidade, de conformidade co establecido nos artigos 119 e 168 da LCSP, e dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Ordenar ao Servizo de Contratación e Fomento, que curse convite ás empresas que se sinalan, para a presentación da súa oferta e tamén durante a fase de negociación:

CARFERLO S.L. e-mail: carferlo@carferlo.es

COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES S.A. e-mail: m.nunez@comfica.com

OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS S.L.U. contratacion.galicia@ovisa.es

TRANSFORMACIONES AGRARIAS ISIDRO HNOS. BLANCO TRIGO S.L. e-mail: informacion@blancotrigo.com

5º.- Aprobar o gasto por importe de 751.627,80 euros (IVE incluído), co seguinte reparto por anualidades:

Anualidade	Aplicación	RC	Importe
2019	4530.210	RC-22019/21031	93.953,47€
2020		RC-220199/513	375.813,90€
2021			281.860,43€
Total			751.627,80€

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no art.174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.



A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2020 o importe de 375.813,90€ e 281.860,43 € na anualidade 2021”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE BURELA, SOLICITANDO A APLICACIÓN DE REMANENTES PRODUCIDOS NA ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de, Burela, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación Cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018, acordouse a aprobación das Bases do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establécese “As baixas obtidas nas licitacións será investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (...), previa proposta do Concello ...”

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación: A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV)”.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 29 de maio de 2018, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce remanente na adxudicación.

O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan único, así como solicitude de aplicación destas nas actuacións que se relacionan:

Concello de Burela

O Concello de Burela presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, relacionando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

Nº Obra	Identificación	Aplicación	Baixa € Deputación
40	Remodelación do Parque de Suafonte	2018 1711762	7.690,76€
45	Instalación eléctrica en BT para reparación de alumeado na Avda Arcadio Pardiñas, Rúa Riocobo, Rúa A Casilla, Rúa Vilar, Rúa O Cantíño, Rúa Da Igrexa e Rúa Pascual Veiga	2018 1650 762	3.088,77€

Así mesmo, por escrito de data 23 de xullo de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:



Identificación	Aplicación	Financiación Deputación	Financiación Concello	Total investimento
Adaptación do Parque Rosalía de Castro á normativa vixente	1711 76255	7.690,76€	175,45€	7.866,21€
Alumeado público en Avda. da praia da Marosa	1650 76255	3.088,77€	--	3.088,77€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan único 2018, “Os investimentos así financiados con cargo a baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados polos importes indicados, con cargo aos remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo respectivo concello, no Plan único 2018, debendo estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que o establecido para os investimentos incluídos inicialmente, ou prórrogas outorgadas no seu caso.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Burela, e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos en adxudicacións dos investimentos incluídos inicialmente, o investimento/s que deseguido se indica co financiamento que se detalla, e que deberá estar xustificado a súa execución no mesmo prazo que os investimentos incluídos inicialmente, ou prórrogas outorgadas, no seu caso.

Identificación	Aplicación	Financiación Deputación	Financiación Concello	Total Investimento
Adaptación do parque Rosalía de Castro á normativa vixente	1711 76255	7.690,76€	175,45€	7.866,21€
Alumeado público en Avda. da praia da Marosa	1650 76255	3.088,77€	--	3.088,77€

2º.- Dar traslado do presente aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA DE ANTAS DE ULLA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-0302 “ANTAS DE ULLA (N-640)- SANTA MARIÑA- LÍMITE PROVINCIA DE PONTEVEDRA (BORRAXEIROS)”, PK 0+270- 4+800.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

Antecedentes

O proxecto da obra de ANTAS DE ULLA.- Rehabilitación de firme LU-P-0302 "Antas de Ulla (N-640)-Santa Mariña-Límite provincia de Pontevedra (Borraxeiros)", PK 0+270 - 4+800, foi aprobado pola Xunta de Goberno de data 25 de xaneiro de 2019 por un importe de 248.165,00€, dos cales 43.069,96€ corresponden ao IVE.

A obra foi adxudicada a empresa ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA por acordo da Xunta de Goberno de data 15 de maio de 2019, na cantidade de 185.986,69 € dos que 32.278,68€ corresponden ao IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 10.2 do PCAP, de 200 metros e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, por importe de 6.000,00 € e 1.260,00 € de IVE e prazo de execución de 6 meses.

O Prego CAP, establece na súa cláusula 12.2 as características das melloras de obra, indicando “valorarase o aumento da lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente na estrada provincial LU-P-0302 “Antas de Ulla (N-640) Santa Mariña-Límite provincia Pontevedra (Borraxeiros), desde o p.k. 4+800, en base as unidades de proxecto”



Con data 22 de maio de 2019 formalizouse o correspondente contrato en documento administrativo.

Na data do 05 de xullo de 2019, recibíuse neste Servizo de Contratación e Fomento documento de informe/ proposta do Director da obra de data 24 de xuño de 2019, co visto bo do Vicepresidente e Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, en funcións, e conformado polo representante da empresa adxudicataria, de modificación do contrato identificado na cabeceira, no que indica:

“(…)

Recientemente se ha ejecutado la obra “Rehabilitación de firme LU-P-0302 "Antas de Ulla (N- 640) - Santa Mariña- Limite provincia de Pontevedra (Borraxeiros)", PK 4+800 a 6+370 e LU-P-0306 "Santa Mariña (LU- P- 0302)- Fradegas", PK 0+509 a 2+313, Ayuntamiento de Antas de Ulla”, por lo que no es posible ejecutar la mejora ofertada por el contratista en la LU-P-0302 "Antas de Ulla (N- 640) - Santa Mariña- Limite Provincia de Pontevedra (Borraxeiros)" a partir del PK 4+800.

Por tanto, se propone ejecutar la mejora de obra en la vía provincial LU-P-0302, consistente en 200 m de longitud de vía a pavimentar, de acuerdo a las características especificadas en el apartado 12.2 del PCA, desde el pk 6+370, con las mismas especificaciones técnicas que se hubiera ejecutado la mejora inicial propuesta, de acuerdo a las prescripciones técnicas del proyecto, teniendo en cuenta que no se modifica el proyecto técnico y que no se alteran las condiciones esenciales de la licitación y adjudicación, de acuerdo a la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público. Con este cambio de lugar de ejecución desde el PK 6+370 en la vía LU-P-0302, se le dá continuidade a la actuación de rehabilitación del firme en la misma carretera.

Consideracions xuridicas

O artigo 205.1 da Lei 9/2017, de 8 de Novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), indica, en canto a modificacións non prevista nos pregos de cláusulas administrativas particulares, “... solo podrán realizarse cuando la modificación en cuestión cumpla los siguientes requisitos: a)

que encuentre justificación en alguno de los supuestos que se relacionan en el apartado segundo de este artículo; b) que se limite a introducir las variaciones estrictamente indispensables para responder a la causa objetiva que la haga necesaria”. En relación con lo indicado en el apartado a) precedente, el apartado segundo indica “...2. Los supuestos que eventualmente podrían justificar una modificación no prevista, siempre y cuando esta cumpla todos los requisitos recogidos en el apartado primero de este artículo, son los siguientes: (...)

b) Cuando la necesidad de modificar un contrato vigente se derive de circunstancias sobrevenidas y que fueran imprevisibles en el momento en que tuvo lugar la licitación del contrato, siempre y cuando se cumplan las tres condiciones siguientes:

Que la necesidad de la modificación se derive de circunstancias que una Administración diligente no hubiera podido prever.

Que la modificación no altere la naturaleza global del contrato.

Que la modificación del contrato implique una alteración en su cuantía que no exceda, aislada o conjuntamente con otras modificaciones acordadas conforme a este artículo, del 50 por ciento de su precio inicial, IVA excluido.

Cuando las modificaciones no sean sustanciales. En este caso se tendrá que justificar especialmente la necesidad de las mismas, indicando las razones por las que esas prestaciones no se incluyeron en el contrato inicial. Neste caso, según se indica no informe do Director Técnico, executouse recentemente outra obra que tiña o seu inicio no P.K: 4+800 ata o 6+370, polo que as melloras ofertadas polo adxudicatario non é posible executarl as a partir do 4+800, como así se indicaba no PCAP.

Na memoria da Dirección técnica indícase que “... no se modifica el proyecto técnico y que no se alteran las condiciones esenciales de la licitación y adjudicación...”

En canto á modificación das melloras contractuais, o informe técnico xustifica o cambio do lugar da aplicación das melloras indicando “... Recientemente se ha ejecutado la obra



“Rehabilitación de firme LU-P-0302 "Antas de Ulla (N- 640) - Santa Mariña- Limite provincia de Pontevedra (Borraxeiros)", PK 4+800 a 6+370 e LU-P-0306 "Santa Mariña (LU- P- 0302)- Fradegas", PK 0+509 AL 2+313, Ayuntamiento de Antas de Ulla”, por lo que no es posible ejecutar la mejora ofertada por el contratista en la LU-P-0302 "Antas de Ulla (N- 640) - Santa Mariña- Limite provincia de Pontevedra (Borraxeiros)" a partir del PK 4+800”.

A modificación proposta, entendemos, non afecta ao fin do contrato, que incluso aparenta cumprirse mellor, nin tampouco á relación entre o obxecto e o prezo e as calidades básicas requiridas ao contratista. Non existe incremento de prezo no contrato, polo que non muda o procedemento aplicado (aberto), e non afecta á publicidade aplicada e non convirte o procedemento en suxeito a regulación harmonizada ou susceptible de recurso especial en materia de contratación.

A documentación remitida a este Servizo de Contratación e Fomento pola Dirección da obra xustifica a concorrencia das circunstancias que habilitan a modificación. Neste sentido, o cambio de lugar de execución desde o p.k. 6+370 en la vía LU-P-0302, dáselle continuidade á actuación de rehabilitación de firme na mesma estrada, conforme a normativa contractual, á técnica de execución das obras e mesmo ás bases do acordo polas partes, en sede contractual, engarzado co deber de boa administración.

Aos efectos do establecido no artigo 206 LCSP, “... las modificaciones acordadas por el órgano de contratación serán obligatorias para los contratistas cuando impliquen, aislada o conjuntamente una alteración en su cuantía que no exceda del 20 por ciento del precio inicial del contrato, IVA excluído”. Non obstante, a modificación aparece aceptada polo contratista, con sinatura de conformidade.

Tratándose dun contrato de obras, en relación co artigo 206 LCSP, debe atenderse ao establecido no artigo 242, que indica “...Cuando las modificaciones supongan la introducción de unidades de obra no previstas en el proyecto o cuyas características difieran de las fijadas en este, y no sea necesario realizar una nueva licitación, los precios aplicables a las mismas serán fijados por la Administración, previa audiencia del contratista por plazo mínimo de tres días hábiles”.

Este trámite enténdese cumprido coa sinatura de conformidade do contratista, se ben esta modificación non supón a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto.

A modificación do contrato conleva o reaxuste da garantía nos termos establecidos no artigo 109 LCSP, que a estes efectos establece a obriga do reaxuste das garantías naqueles supostos de modificación do contrato con variación do seu prezo, para que aquela (a garantía) garde proporción co novo prezo modificado. Neste caso non procede reaxuste de garantía ao non variar o prezo do contrato.

A modificación do contrato pode levar a un aumento do prazo, prevíndose este reaxuste no Artigo 162 do RD 1098/2001 do 12 de outubro (RXLCAP). Neste caso non se prevee reaxuste do prazo de execución.

Tendo en conta que o PCAP reitor do contrato establece na súa cláusula 2.1 “O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do Proxecto Técnico que servirá de base para a realización das obras, así como da adxudicación do contrato, nos restantes actos procedementais o órgano competente será o Ilmo. Sr. Presidente da Excma. Deputación Provincial”, o órgano competente para resolver sobre o asunto é a Xunta de Goberno, atendendo ademais ao establecido no artigo 54 do Regulamento orgánico, da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018).

Conclusión

En atención ás consideracións expostas e atendendo á xustificación da modificación efectuada pola dirección da obra, infórmase favorablemente a modificación contractual proposta pola Dirección técnica da obra ANTAS DE ULLA.- Rehabilitación de firme LU-P-0302 "Antas de Ulla (N-640)-Santa Mariña-Límite provincia de Pontevedra (Borraxeiros)", PK 0+270 - 4+800



entendendo o que subscribe, que procede que polo órgano de contratación se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do contrato da obra ANTAS DE ULLA.- Rehabilitación de firme LU-P-0302 "Antas de Ulla (N-640)-Santa Mariña-Límite provincia de Pontevedra (Borraxeiros)", PK 0+270- 4+800adxudicado á mercantil ARIAS INFRAESTRUCTURAS SAque prestou conformidade ao mesmo, na cantidade de 185.986,69 € dos que 32.278,68€ corresponden ao IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 10.2 do PCAP, de 200 metros (a executar na estrada LU-P-0302 desde o p.k. 6+370) e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, por importe de 6.000,00 € e 1.260,00 € de IVE e prazo de execución de 6 meses, que é o mesmo importe que o primitivo, ao no haber incremento de prezos, soamente variación no lugar de aplicación das melloras, mantendo o coste das mesmas.

Formalizar a modificación contractual aprobada en documento administrativo.

Á vista do anterior e tendo en conta que na memoria do modificado e no informe do director técnico das obras manifestase que non se alteran as condicións esenciais de licitación e adxudicación, tendo en conta os informes dos Servizos proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.-Aprobar a modificación do contrato da obra ANTAS DE ULLA.- Rehabilitación de firme LU-P-0302 "Antas de Ulla (N-640)-Santa Mariña-Límite provincia de Pontevedra (Borraxeiros)", PK 0+270 - 4+800, adxudicado á mercantil ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA, que prestou conformidade ao mesmo, na cantidade de 185.986,69 € dos que 32.278,68€ corresponden ao IVE; unha mellora de obra consistente en lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 10.2 do PCAP, de 200 metros (a executar na estrada LU-P-0302 desde o P.K. 6+370) e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, por importe de 6.000,00 € e 1.260,00 € de IVE e prazo de execución de 6 meses, que é o mesmo importe que o primitivo, ao no haber incremento de prezos, soamente variación no lugar de aplicación das melloras, mantendo o coste das mesmas.

2º.- Formalizar a modificación contractual aprobada en documento administrativo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA A ENTIDADE BENEFICIARIA DO PROGRAMA BEN EMPREGADO IV.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Considerando que con data 8 de setembro de 2017 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, Programa de Fomento do Emprego da Provincia de Lugo- Ben empregado IV, Fase I.

Tendo en conta que o extracto da convocatoria e as bases da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) N° 221 do 25 de setembro de 2017.

Considerando que con data 2 de novembro de 2017 publicase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) N° 251 o extracto do acordo da Xunta de Goberno celebrada o 13 de outubro do 2017 polo que se aproba unha corrección de erro nas Bases do Programa de Emprego da Provincia de Lugo Ben Empregado IV

Tendo en conta que con data 29 de decembro de 2017 a Deputación de Lugo aprobou a relación definitiva de empresas beneficiarias, reservas e excluídos e con data 2 de xaneiro de 2018 publicase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) N° 001 a relación definitiva de empresas beneficiarias.

Considerando que con data 20 de maio do 2019, publicouse unha bolsa de emprego, con diferentes entidades entre as que se atopaba Juan Carlos Bouso Bouso. Asígnouse o seguinte candidato, Don Jesus López Seijas, pero non chegou a ser contratado pola entidade.



Tendo en conta que a entidade beneficiaria renuncia a subvención outorgada (achégase renuncia), sen recibir ningún anticipo, segundo o reflexado no seguinte cadro:

Empresa	Subvención	D. Renuncia
Juan Carlos Bouso Bouso	8.857,08 €	09/08/2019

De acordo coa lexislación vixente en materia de subvencións, así como coas Bases do Programa de Fomento de Emprego e a Economía dos sectores Estratéxicos da Provincia de Lugo, Ben Empregado IV, propónse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

Aceptar a renuncia da seguinte empresa:

Empresa	Subvención	D. Renuncia
Juan Carlos Bouso Bouso	8.857,08 €	09/08/2019

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO REINTEGRO DO ANTICIPO DE ENTIDADES BENEFICIARIAS DO BEN EMPREGADO III.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Considerando que con data 16 de setembro do 2016 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, do programa de fomento de emprego e a economía do sectores estratéxicos da provincia de Lugo- Ben empregado III Fase I. As devanditas bases, así como a súa convocatoria foron publicadas no Boletín da provincia de Lugo (BOP) o 4 de outubro de 2016 con N° 229.

Considerando que con data 31 de decembro do 2016 publícanse no BOP con N° 300 o listado das entidades beneficiarias ca cantidade asignada:

Entidade	Cantidade
Ion Vasile	17.922,24 €
López Parada, José Manuel	18.000,00€

Considerando que unha vez que as entidades mencionadas dan de alta ós traballadores seleccionados, na modalidade contractual e pola xornada laboral establecidas na solicitude e se comproba e verifica a documentación aportada pola empresa e requirida na base 16 do programa Ben Empregado III Fase I, a efectos de xustificación, emítase resolución da presidencia relativa ó pago dos anticipos, segundo se reflicte no seguinte cadro:

Entidade	Subvención	1º Anticipo	Data Pago	Total Anticipado
Ion Vasile	17.922,24 €	14.337,79€	23/11/2017	14.337,79€
López Parada, José Manuel	18.000,00€	14.400,00€	11/08/2017	14.400,00€

Considerando que dende a Deputación de Lugo remítese notificación as entidades mencionadas requiríndollela documentación precisa para a xustificación da subvención outorgada, tal e como se recolle na Base 16 do Programa Ben Empregado III, dándolles un prazo de 10 días para súa contestación. Así mesmo, infórmaselles que de no achegarse a documentación requirida producirase a extinción do dereito ó gozo da subvención e iniciárase o procedemento de reintegro. As entidades reciben ditas notificacións segundo se recolle no seguinte cadro:

Entidade	Data envío	Data recepción
Ion Vasile	08/01/2019	Notificación infrutuosa, publícase no tablón edictal único 13/02/2019
López Parada, José Manuel	26/11/2018	Notificación infrutuosa, publícase no tablón edictal único 09/01/2019

Considerando que a través de sendas Resolucións da Presidencia de data 1 de abril de 2019, cada unha, resólvese, en base ó posible incumprimento do artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, da Base 16 do Programas Ben Empregado III e de acordo o



procedemento contido no título VI, Capítulo II da Lei 30/1992 de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común, o seguinte:

O inicio do procedemento de reintegro.

O nomeamento do órgano instructor a Dna. Julia Vázquez Silvarrey.

A apertura do trámite de audiencia ao interesado, dentro do cal porase de manifesto o contido do expediente elaborado pola Área de Promoción Económica, para que no prazo dos 15 días hábiles seguintes a recepción da notificación do presente acordo, poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

Considerando que dende este servizo remítese notificación a apertura do trámite de audiencia cos seguintes resultados:

Entidade	Data envío	Data recepción
Ion Vasile	08/04/2019	Notificación infrutuosa, publícase no tablón edictal único 08/05/2019
López Parada, José Manuel	08/04/2019	Notificación infrutuosa, publícase no tablón edictal único 08/05/2019

Considerando que unha vez constatado polo órgano instructor o incumprimento por parte da entidade beneficiaria do establecido nas Bases do Programa Ben Empregado III, con data 4 de xullo de 2019 , propón:

Extinción do dereito o goce da subvención por incumprimento das obrigas da subvención de entregar á Deputación de Lugo toda a documentación requirida nas bases, atendendo ó establecido no artigo 33 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia .

Reintegro da cantidade anticipadas segundo se recolle no seguinte cadro:

Entidade	Total Anticipado
Ion Vasile	14.337,79€
López Parada, José Manuel	14.400,00€

Por todo o anterior, proponse á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

1º.- Extinción do dereito o goce da subvención por incumprimento das obrigas da subvención de entregar á Deputación de Lugo toda a documentación requirida nas bases, atendendo ó establecido no artigo 33 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia .

2º.- Reintegro da cantidade anticipadas segundo se recolle no seguinte cadro:

Entidade	Total anticipado
Ion Vasile	14.337,79€
López Parada, José Manuel	14.400,00€

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7. - PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES, DO GASTO E DO MODELO DE ANEXO DA XXXVI COPA DEPUTACIÓN DE FÚTBOL PARA O ANO 2019.

Logo de ver a proposta da Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do seguinte teor.

A Deputación de Lugo aposta polo apoio á celebración da XXXVI edición da Copa Deputación das distintas categorías de fútbol masculino e feminino provincial, correspondente ao ano 2019, competición que organizada pola Federación Galega de Fútbol, dirixida a todos aqueles equipos da provincia de Lugo das categorías Preferente Autonómica e 1ª Autonómica, 2ª Autonómica e 3ª Autonómica, ademáis das categorías prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete, xuvenil e fútbol veterano, tanto masculinas como femininas.

A XXXVI Copa Deputación de Fútbol supón unha actuación de grande importancia na promoción e fomento do deporte do fútbol e nomeadamente do deporte de base provincial. A



competición costa de varias fases eliminatorias, declarándose na última fase un campión e un subcampión. Aos equipos participantes na XXXVI Copa Deputación, a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación Provincial aboaralles pola súa participación cantidades económicas en concepto de premio de acordo cos criterios establecidos.

Visto o informe do Servizo de Deportes.

Visto o informe favorable do Servizo de Contratación e Intervención.

Polo anteriormente exposto, propono pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación das bases da participación da XXXVI Copa Deputación de Fútbol para o ano 2019.

2º.- Aprobación do gasto correspondente por un importe total de 100.000,00 (cen mil euros).

3º.- Aprobar o modelo de anexo de participación”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN POR INCAPACIDADE PERMANENTE NO GRAO DE TOTAL DE DONA MARÍA DOLORES PALACIOS LAGARÓN, PERSOAL LABORAL FIXO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:

“Logo de ver que Dona María Dolores Palacios Lagarón, Adxunta a Maestro de Taller, persoal laboral fixo, adscrita ao Centro de Artesanía e Deseño, viña prestando servizos a esta Entidade, atopándose de baixa por Incapacidade Temporal dende o 19 de febreiro de 2018.

Tendo en conta que a Dirección Provincial de Lugo do INSS, mediante escrito, con entrada no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo o día 9 de agosto de 2019, ditou resolución, con data 2 de agosto de 2019, pola que reconece a Dona María Dolores Palacios Lagarón a prestación de incapacidade permanente no grao de total, con efectos económicos de data 27 de xullo de 2019.

Tendo en conta o establecido na Disposición Transitoria Vixésima sexta do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social e o artigo 70 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, así como o artigo 49.1. e) do Real Decreto Lexislativo 2/ 2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto dos Traballadores.

Resultando que a Resolución da Dirección Provincial de Lugo do INSS, establece que a partir do 26 de xullo de 2022 pódese instar á revisión por agravamento ou melloría e que “non se prevé que a situación de incapacidade vaia a ser obxecto de revisión por melloría, que permita a reincorporación ao posto de traballo antes de dous anos (Artigo 48.2 da Lei do Estatuto dos Traballadores. BOE 24/10/2015)”.

Tendo en conta que, segundo expresamente se recolle na Resolución do INSS, non hai previsión de que a dita Incapacidade vaia ser obxecto de revisión por melloría que permita a reincorporación ao seu posto, no prazo de dous anos, conforme á previsión que se efectúa no artigo 48.2 do ET, non subsiste a suspensión do contrato de traballo que se produciu durante a situación de Incapacidade Temporal de dita traballadora.

De acordo co sinalado anteriormente, vistos os informes dos servizos, procede que pola Xunta de Goberno se adopte acordo declarando a extinción do contrato de traballo derivada da declaración de incapacidade permanente, no grao de total, de Dona María Dolores Palacios Lagarón, con efectos do día 27 de xullo de 2019, data á que se retrotraen os efectos económicos da



pensión de invalidez recoñecida á traballadora e á que se liquidarán os dereitos e obrigas que deriven da súa relación laboral con esta Entidade”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9. - COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dáse conta da Sentenza nº 153/2019, de 17 de xuño, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, no Procedemento Abreviado nº 158/2019, seguido a instancia de D. Carlos Reija del Río fronte á desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada en data de 20 de xullo de 2018 polos danos sufridos nun vehículo a consecuencia dun accidente de circulación na LU-P-1611 de N-640 a N-640 por Castroverde, Maceda, Friol, Begonte e Xustás (P.K. 18,4), en cuxo fallo dí o seguinte: *“estimo el recurso contencioso- administrativo interpuesto por la representación procesal de D. Carlos Reija del Río frente a la Excm. Deputación Provincial de Lugo seguido como proceso abreviado nº 158/2019, contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento, que se declara contraria a Derecho y se anula; y consecuencia debo condenar y condeno a la Administración demandada a indemnizar al demandante en la suma de 151 euros, más los intereses legales devengados desde el 20 de julio de 2018. Con expresa imposición de costas a la Administración demandada, hasta la cifra máxima de cien euros en concepto de honorarios de letrada del actor”*. A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dos asistentes dar cumprimento á citada sentenza; e vista a proposta de Asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na conta do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo a cantidade de 151 euros máis 5,05 euros en concepto de xuros.

10.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.